

ADMINISTRACIÓN LOCAL**PROVINCIAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL****Subvencións e axudas***BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN CONCELLOS 2019-LIÑAS 2 E 3***BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN CONCELLOS 2019-LIÑAS 2 e 3***INTRODUCCIÓN*

Estas bases reguladoras de carácter complementario ás do Plan de obras e servizos (Plan concellos) 2018-2019, confecciónanse, por unha banda, para colaborar no sostemento dos gastos correntes dos concellos no exercicio 2019 e, por outra, para impulsar, no ámbito municipal, a oferta de emprego considerada un eixe prioritario para acadar a cohesión social no territorio provincial.

No artigo 138 da Constitución conságrase o principio de solidariedade e de equilibrio territorial, e establécese que se consegue velando polo establecemento dun equilibrio económico adecuado e xusto entre as diversas partes do territorio nacional. Neste contexto, a Deputación tamén debe, no exercicio das súas competencias e no ámbito provincial, velar polos principios de solidariedade e cohesión territorial, respectando, en todo caso, o de diferenciación, baseado na existencia de concellos de moi distinta natureza, tamaño e de capacidade económica e de xestión.

Polo tanto, a acción da Deputación de Pontevedra inscríbese na liña de fomento e cooperación cos municipios, tendo en conta o papel fundamental que estes desempeñan na prestación de servizos esenciais, nun momento coma no actual en que, para cumprir mellor os principios de eficacia, eficiencia e aforro nos custos, se atopan inmersos nun proceso de transformación para configurarse como administracións modernas, transparentes e responsables socialmente.

Ante tal situación, considéranse prioritarias as políticas públicas que traten de paliar as dificultades económicas que sofren os concellos á hora de sufragar os seus gastos correntes.

Así mesmo, un dos eixes prioritarios dos Plans de cooperación foi o emprego, en calquera concello, con independencia do seu nivel de desenvolvemento, a base para impulsar de forma crecente e sostible a prosperidade, a cohesión e a inclusión social é contar cunha oferta de emprego suficiente. A liña 3 promove a contratación de persoas en situación de desemprego co obxectivo de favorecer a súa inserción no mercado laboral, tendo en conta ademais que os traballos que se van desenvolver reportan accións en beneficio da entidade municipal a través de traballos administrativos e na mellora de equipamentos ou dos espazos públicos.

En relación co exposto confecciónanse as seguintes bases reguladoras:



Martes, 18 de decembro de 2018

Núm. 242

*CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS**Primeira. Obxecto*

As bases e a convocatoria deste plan teñen por obxecto regular o procedemento de concesión e xustificación das subvencións destinadas ao sostemento dos gastos correntes en bens e servizos municipais, promoción do emprego e realización de actividades (culturais, sociais, deportivas, ambientais etc.) que contribúan ao fomento dos intereses xerais das e dos veciños do municipio.

As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas, nos termos recollidos na base 8.^a:

- Liña 2. Amortización, pagamento de débedas, gastos correntes e actividades. Esta liña estará integrada por:
 - Liña 2.1: Amortización da débeda con entidades financeiras.
 - Liña.2.2: Pagamento de acredores de gasto corrente e acredores de investimentos.
 - Liña 2.3: Gasto corrente novo.
 - Liña 2.4: Realización de actividades culturais, deportivas, sociais, educativas, etc.
- Liña 3. Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais

Non obstante, consonte ó recollido na base 5.^a do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018-2019, cuxo contido vincula a estas bases, aqueles concellos que non fagan uso das liñas 2 e 3 poderanas empregar para facer investimentos, incrementando para tal efecto a cantidade asignada para este fin no exercicio 2019.

Segunda. Natureza xurídica

De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), que establece que as subvencións que integran os plans que teñen por obxecto levar a cabo funcións de asistencia e cooperación municipal se rexen pola súa normativa específica, as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través das liñas 2 e 3 do Plan Concellos 2019 rexeranse polo réxime disposto nestas bases unha vez aprobadas.

Con todo, para o non previsto nelas, resultan de aplicación as Bases reguladoras do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018-2019; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento; a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra e as restantes normas de dereito administrativo, e aplicaranse, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Rexerá, así mesmo, para a aprobación e modificación do plan, o establecido ao respecto no artigo 33.2.d e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, así como nos artigos 32 e 33 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e a demais normativa aplicable.



Martes, 18 de decembro de 2018

Núm. 242

Terceira. Aprobación das bases

De acordo co establecido na base 16.3 das Bases de execución do Orzamento para o exercicio 2019 e cumprindo o establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para a aprobación destas bases é o Pleno da Deputación.

Cuarta. Beneficiarios

Poderán solicitar as axudas reguladas nestas bases os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo. Non poderán obter a condición de beneficiarios aqueles concellos nos que concorra algunha das circunstancias ou prohibicións ás que fai referencia a lexislación vixente en materia de subvencións.

Quinta. Aplicacións orzamentarias

O plan conta con dúas liñas de subvencións para os concellos que se financian con cargo ás dotacións orzamentarias das seguintes aplicacións:

- 19/942.9425.462.03 (Plan Concellos 2019_Emprego).
- 19/942.9425.462.45 (Plan Concellos 2019_Acredores gasto corrente, gasto corrente novo, actividades).
- 19/942.9425.762.45 (Plan Concellos 2019_Acredores de investimentos).
- 19/942.9425.762.46 (Plan Concellos 2019_Amortización do endebedamento con entidades financeiras).

Sexta. Criterios obxectivos de outorgamento das subvencións, ponderación destes e criterios para a determinación das contías individuais.

O plan está dotado cun importe de 3.900.000,00 € na liña 2 e 9.500.000,00 na liña 3, que se repartirán en tres grupos da seguinte forma:

Habitantes	Grupo 1 0-10.000	Grupo 2 10.001-20.000	Grupo 3 20.001-50.000
Porcentaxe	44 %	34 %	22 %
Cantidade por grupo	5.896.000,00	4.556.000,00	2.948.000,00
		Total	13.400.000,00

Estas cantidades repartiranse entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nestas porcentaxes:



Martes, 18 de decembro de 2018

Núm. 242

Grupos de concellos	Ata 10.000 habitantes	De 10.001 a 20.000 habitantes	De 20.001 a 50.000 habitantes
Porcentaxe fixa	40 %	40 %	40 %
Porcentaxe variable	60 %	60 %	60 %
Distribución variable			
Porcentaxe de poboación	60 %	60 %	60 %
Porcentaxe de superficie	20 %	20 %	15 %
Porcentaxe de núcleos	10 %	15 %	20 %
Porcentaxe de densidade	10 %	5 %	5 %

Da contía individual asignada a cada concello en función dos criterios anteriores, ata un máximo dun 29% destinarase ao financiamento da liña 2 e un máximo do 71 % ao financiamento da liña 3, tal e como se reflicte na táboa que se insire a continuación:

Liña de subvención	Porcentaxe máxima sobre a cantidade asignada
Liña 2	29 %
Liña 3	71 %

En consecuencia, cada concello coñecerá as cantidades que lle corresponden no exercicio 2019 con destino ao financiamento das liñas 2 e 3 dentro dos cinco primeiros días hábiles seguintes ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO). Tamén poderán informarse dirixíndose ao Servizo de Cooperación da Deputación.

En todo caso, garántese que o Concello fusionado de Cerdedo-Cotobade terá unha asignación non inferior á que lle correspondería respecto a cada un dos concellos por separado.

Para estes efectos, todos os datos que se terán en consideración serán os publicados máis recentemente polo IGE na data de publicación destas bases no BOPPO.

A Presidencia ditará unha resolución presidencial coa que aprobará a cantidade que lle corresponde a cada concello para cada unha das liñas 2 e 3, tendo en conta que a disposición do crédito se fará para cada solicitude de subvención, unha vez comprobada a documentación achegada e instruído o procedemento conforme se recolle na base décimo terceira do plan.

Sétima. Compensación de débedas

Segundo o recollido na base sétima do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018-2019, a 15 de decembro do ano 2018 a Deputación comunicaralles aos concellos a relación de débedas que teñan coa institución provincial coa finalidade de que procedan ao seu pagamento no prazo de 10 días desde o seguinte ao da recepción da comunicación. De non procederse ao seu abonamento a Deputación detraerá o importe das débedas do crédito do ano 2019. En caso de que o crédito de 2019 estea afecto ao financiamento dun gasto plurianual, a detracción realizarase sobre a parte do crédito non comprometido con ese gasto plurianual.



Martes, 18 de decembro de 2018

Núm. 242

De estar o 100 % do crédito do exercicio 2019 comprometido no financiamento dun investimento plurianual, a detracción efectuarase da cantidade que lle poida corresponder ao concello das liñas 2 e 3 do Plan Concellos 2019 ou, no seu caso, dos ingresos propios do concello froito da recadación do ORAL.

Oitava. Finalidades subvencionables

Serán subvencionables as seguintes tipoloxías de gasto:

- Amortización do endebedamento con entidades financeiras.
- Pagamento de débedas a acredores de gasto corrente e acredores de investimentos.
- Realización de actividades culturais, deportivas, sociais e medioambientais.
- Gasto corrente novo.
- Emprego.

8.1. Amortización do endebedamento con entidades financeiras

O Concello poderá destinar a totalidade ou parte da cantidade asignada na liña 2 a reducir o seu endebedamento coas entidades financeiras. Neste caso deberá elaborar unha certificación onde se faga constar a entidade financeira coa que se concertou o préstamo, o tipo de operación, a data de concertación, o importe, o prazo de amortización e o importe pendente de amortizar. Tamén se deberá certificar que a cantidade que se pretende amortizar é a que ten as condicións máis gravosas para o concello en termos económicos.

8.2. Pagamento de débedas a acredores de gastos correntes e acredores de investimentos

O concello deberá elaborar unha certificación das facturas, que teñan entrada no rexistro xeral do concello ata o día 31 de decembro de 2018 incluído, e que estean pendentes de pagamento no momento de elaborar esa certificación.

No certificado deberán separarse as facturas que se imputan ao Capítulo II do orzamento municipal e as que se imputan ao Capítulo VI, e indicaranse entre outros datos para cada débeda: a data de entrada no rexistro do concello, o resumo do concepto, a identificación do provedor/ acredor, a data de aprobación da factura, o órgano que a aproba e o importe da débeda (IVE incluído). Relacionaranse segundo a orde de entrada no rexistro do concello.

8.3. Gasto corrente novo

No suposto de que o concello opte por esta liña de actuación, deberá elaborar unha memoria descritiva e valorada dos gastos correntes asociados ao funcionamento dos servizos públicos municipais no exercicio 2019, que se acompañará da documentación que se sinala na base décima. Non obstante, para considerarse gasto corrente novo as facturas deberán ter data de entrada no rexistro xeral do concello posterior á data de solicitude da subvención.



Martes, 18 de decembro de 2018

Núm. 242

Serán subvencionables, a través do programa de subvencións que estas bases regulan, os gastos correntes e de funcionamento derivados da realización das actuacións incluídas no capítulo II do orzamento de gastos. Poderían incluírse, entre outros:

- Os gastos de funcionamento dos servizos de subministración de auga potable, de rede de sumidoiros, limpeza viaria, recollida de lixo, alumado público, telefonía, combustibles, repostos de maquinaria, utillaxe, e de elementos de transporte, etc.
- Reparacións, mantemento e conservación da rede viaria municipal, parques públicos, infraestruturas, edificios e locais, maquinaria, etc.
- Gastos de funcionamento de conservatorios, escolas de música, escolas deportivas de titularidade municipal, agás gastos de persoal.
- Gastos derivados da prestación de servizos por parte dos GES (grupos de emerxencias) incluídos os gastos do seu funcionamento.
- Servizos externalizados derivados da contratación de servizos municipais con empresas externas.
- En xeral, todos aqueles gastos directamente asociados ao funcionamento dos servizos de competencia municipal.

8.4. Realización de actividades culturais, sociais, deportivas, turísticas...

Poderanse incluír dentro desta liña:

- Os gastos que contribúan á divulgación da cultura e o desenvolvemento educativo e social das persoas do municipio tales como celebracións, exposicións, publicacións, certames, mostras, eventos musicais, teatrais, encontros, conferencias, festexos tradicionais, viaxes culturais, cursos de formación, actividades de promoción de hábitos saudables, de loita contra a violencia de xénero e calquera actividade cultural, social ou educativa semellante ás sinaladas.
- Os gastos que contribúan ó desenvolvemento e promoción do deporte municipal como competicións, campus deportivos, ligas e outros de natureza semellante.
- Os gastos que contribúan ao desenvolvemento turístico do municipio e dos seus recursos, coma feiras, mostras, congresos, material gráfico, publicacións, festas de carácter singular que constitúan un instrumento de promoción turística.
- Os gastos que contribúan ao desenvolvemento e sensibilización medioambiental das persoas do municipio.
- Calquera outro de natureza análoga ós definidos.

As actividades incluídas nesta liña deberanse realizar entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019 e poderán ser desenvolvidas directamente polo Concello ou ser obxecto de contratación externa.



Martes, 18 de decembro de 2018

Núm. 242

8.5. Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais

Será subvencionable a contratación de persoas desempregadas para a prestación de servizos mínimos de competencia municipal, de interese xeral e social, tendo en conta a normativa aplicable, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ser prestados polas entidades beneficiarias en réxime de administración directa.
- b) Favorecer na súa execución ou prestación a formación e as prácticas profesionais das persoas desempregadas que se van contratar.
- c) Ser prestados ou executados no ámbito municipal.
- d) Responder a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia.
- e) Que esas necesidades lles afecten a sectores, funcións ou categorías profesionais prioritarias indispensables para poder satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social das persoas particulares, de acordo coas circunstancias de cada momento ou lugar, ou necesarias para o benestar da veciñanza e, tamén, as que permitan asegurar o funcionamento regular da propia entidade e dos seus órganos de goberno.

As mencionadas axudas ou subvencións irán destinadas a financiar a contratación laboral, en réxime de xornada parcial ou completa segundo as necesidades de contratación que determine cada concello. As axudas comprenden o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos no parágrafo seguinte destas bases, respectando en todo caso o salario mínimo interprofesional que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora. Os concellos poderán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

As traballadoras e traballadores que sexan contratados para realizar as obras ou prestar os servizos polos que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.

Os concellos beneficiarios da subvención solicitaranlles ás persoas traballadoras que necesiten mediante a presentación da correspondente oferta na oficina pública de emprego, cos modelos normalizados para os efectos, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas que sexan contratadas para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, coa obriga de presentar unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación.



Martes, 18 de decembro de 2018

Núm. 242

Para a xestión das ofertas establécese como ámbito de busca de emprego o municipio do concello solicitante.

O concello beneficiario será quen realice a selección definitiva das persoas candidatas, en conformidade coa normativa aplicable, na forma prevista e segundo os criterios sinalados a continuación, tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución na que se concede a subvención. Sen prexuízo das obrigas legais que poidan existir, para a selección daráselles preferencia por esta orde ás persoas dos seguintes grupos:

- a) As vítimas de violencia de xénero.
- b) As persoas candidatas maiores de 45 anos.
- c) As persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillas ou fillos ao seu cargo.
- d) As persoas candidatas con niveis de renda máis baixa.
- e) As persoas candidatas con cargas familiares.

As entidades darán de alta na Seguridade Social ás persoas contratadas, dentro do código de conta de cotización que corresponda.

En caso de que algunhas das persoas contratadas renunciaren ao contrato antes da súa finalización ou se se dá algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato, anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír ó anterior polo tempo restante. En caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O concello deberá comunicarlle estas situacións á Deputación mediante escrito motivado.

Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2019 e finalizar como máximo o 31 de decembro de 2019, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período.

A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e a persoa traballadora non vinculará á Deputación de Pontevedra.

A subvención para esta liña deberá solicitarse nun único expediente.



Martes, 18 de decembro de 2018

Núm. 242

CAPÍTULO II. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

Novena. Procedemento de concesión

O procedemento de concesión das subvencións previstas nestas bases é o de réxime de concorrencia non competitiva.

Décima. Solicitudes e documentación

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados que se facilitarán na páxina web www.depo.gal.

As solicitudes presentaranse a través da sede electrónica, no enderezo <https://sede.depo.gal>. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible, cando menos, que a alcaldía, o funcionariado que deba asinar documentos, ademais da persoa designada como representante para o envío da solicitude ao rexistro telemático dispoñan de sinatura electrónica.

As solicitudes asinadas polos representantes locais presentaranse correctamente cubertas, unha por cada petición individual, especificando a súa denominación concreta, o orzamento e o importe da subvención solicitada.

As solicitudes deberán ser aprobadas mediante acordo do órgano competente do Concello, que indique expresamente a finalidade concreta e a cantidade que se solicita, achegándose este acordo ou unha certificación acreditativa do acordo de aprobación. Para tal efecto, nun único acordo poderanse aprobar varias solicitudes.

En caso de seren aprobados mediante decreto de alcaldía ou acordo da xunta de goberno local, daráselle conta de dita aprobación ao pleno da corporación municipal.

Calquera falsidade nos datos presentados dará lugar á perda da subvención concedida, ademais doutras medidas que para o caso poida arbitrar o organismo provincial.

A documentación administrativa e técnica, no seu caso, será revisada pola Deputación, que poderá realizar os requirimentos que estime necesarios para completar ou corrixir a documentación presentada. A aprobación das correccións ou modificacións do acordo de solicitude realizarase polo órgano competente do concello.

O concello deberá presentar necesariamente unha documentación xeral da súa solicitude e unha documentación específica segundo corresponda coas distintas liñas de subvención nos modelos que figuran como anexos a estas bases. Non obstante, o concello poderá empregar modelos propios de certificación segundo o contido que se recolle nestas bases.



Martes, 18 de decembro de 2018

Núm. 242

Os concellos que, por decisión propia, non fagan uso da totalidade ou dunha parte das cantidades asignadas ás liñas 2 e 3 no exercicio 2019 e desexen incrementar a liña 1 destinada ao financiamento de investimentos deberán empregar os formularios que para os investimentos están a súa disposición na páxina web da Deputación. Estes formularios acompañaranse do proxecto, memoria valorada ou documentación técnica correspondente. A liña de investimentos rexeráse polo establecido nas Bases Reguladoras do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018-2019, cuxo contido tamén se vincula a este Plan.

Non se concederán subvencións se non obran no expediente todos os formularios e documentos preceptivos que se contemplan nestas bases.

En caso de defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base ou de incumprimento do previsto no artigo 68 da LAPAC, requiriráselle ao interesado que emende as faltas ou omisións no prazo máximo de 10 días hábiles, indicándolle que, de non o facer, se terá por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

Para cada unha das liñas de subvención deberá achegarse a seguinte documentación xeral:

10.1 DOCUMENTACIÓN XERAL

O concello presentará:

- Solicitude de subvención.
- Declaración responsable do órgano competente do concello na que se faga constar (anexo I).
 - Que a finalidade subvencionable é competencia municipal (artigo 7 da LRBRL).
 - Que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento das distintas liñas de actuación incluídas no Plan, e en caso de que existan outras axudas ou subvencións concorrentes, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a suma total non supera o 100 % do importe.
 - Que o concello non está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, que coñece e acepta as bases da convocatoria, e asume o compromiso de cumprir as condicións da subvención.
 - Que o concello está ao corrente nas súas obrigas coa facenda estatal, coa autonómica e coa Seguridade Social.
- Autorización expresa á Deputación de Pontevedra a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Axencia Tributaria de Galicia e da Tesourería da Seguridade Social acreditativas de que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



Martes, 18 de decembro de 2018

Núm. 242

10.2 DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA

Liña 2. Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes

En función da finalidade concreta solicitada dentro desta liña achegarase a seguinte documentación específica:

Amortización de débeda con entidades financeiras (anexo IV).

- Un certificado expedido pola funcionaria ou funcionario público competente no que se faga constar:
 - Que a cantidade que se solicita se corresponde cunha débeda pendente de amortizar, indicando a entidade financeira e as demais características da operación de crédito ou préstamo cuxa débeda, total ou parcial, se pretende amortizar
 - Que a cantidade que se pretende amortizar é a que ten condicións máis gravosas para o concello en termos económicos (comisións, tipos de xuros, etc.), e polo tanto resulta máis vantaxoso amortizala primeiro.

Pagamento de acredores de gasto corrente e acredores de investimentos (anexo V).

- Certificado expedido pola funcionaria ou funcionario público competente, no que se faga constar:
 - A relación de facturas pendentes de pagamento, con data de entrada no rexistro xeral do concello ata o 31 de decembro de 2018, este incluído, na que se indique a súa correcta identificación e se expresen a data de expedición e a de rexistro, o número, a identificación do acredor ou provedor, a imputación ao capítulo II ou VI do orzamento municipal, o resumo dos conceptos e o importe coa repercusión do IVE, no seu caso. Tamén se indicará o órgano que aprobou cada factura ou xustificante de gasto.
 - Que as facturas que se relacionan están pendentes de aboamento e que non existen a 31 de decembro de 2018 outros acredores ou provedores que teñan preferencia para o pagamento das súas débedas.

Gasto corrente novo.

- Certificado expedido polo funcionariado público competente, segundo o modelo que figura como anexo VI destas bases, no que se faga constar:
 - O acordo do órgano competente do concello da aprobación da solicitude de subvención coa indicación do seu importe, na que se detallará o gasto a realizar no exercicio 2019.
 - A aprobación da memoria descritiva e valorada do gasto.
- Memoria descritiva e valorada dos gastos que se pretenden financiar entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019.



Martes, 18 de decembro de 2018

Núm. 242

Realización de actividades culturais, deportivas, sociais, turísticas, medioambientais.

- Certificado expedido pola funcionaria ou funcionario público competente, segundo o modelo que figura como anexo VI destas bases, no que se faga constar:
 - O acordo do órgano competente do concello da aprobación da solicitude de subvención coa indicación do seu importe, na que se detallará a actividade a realizar no exercicio 2019.
 - A aprobación da memoria descritiva e valorada da actividade.
- Memoria descritiva e valorada da actividade que se pretende realizar entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019.

Liña 3. Conservación e funcionamento de bens e servizos municipais.

- Memoria global das actuacións que se van desenvolver na que se indiquen o perfil (categoría profesional) e o número das persoas desempregadas que se van contratar, a duración dos contratos, a desagregación do orzamento por persoa traballadora e o importe da subvención por cada unha.
- Certificado expedido polo funcionariado público competente, segundo o modelo que figura como anexo VII destas bases, no que se faga constar:
 - O acordo do órgano competente do concello da aprobación da solicitude de subvención coa indicación da súa denominación e se comprometen a realizar a finalidade da subvención e a cumprir as condicións para iso.
 - A aprobación da memoria descritiva onde se determine o número das persoas desempregadas que se van contratar e o seu perfil (categoría profesional).
 - De haber cofinanciamento por parte da entidade municipal, o compromiso do concello a incluír no orzamento do 2019, os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal.
- Declaración responsable de que as contratacións de persoal se destinan a servizos de competencia municipal e que cumpren os requisitos esixidos nestas bases en canto á súa capacidade técnica e de xestión.

Décimo primeira. Prazo de presentación e lugar.

O prazo de presentación das solicitudes que se acollan a este Plan é dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

No caso dos concellos que queiran incrementar a liña 1 (investimentos) do exercicio 2019 coas cantidades non empregadas das liñas 2 e 3, o prazo para presentar as correspondentes solicitudes é dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

As solicitudes presentadas con anterioridade a esta convocatoria quedarán sen efecto.



Martes, 18 de decembro de 2018

Núm. 242

De acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACPA) que recolle a obrigatoriedade por parte das persoas xurídicas de relacionarse electronicamente coa Administración, as solicitudes presentaranse telematicamente na sede electrónica da Deputación co enderezo <https://sede.depo.gal>.

Tal e como se recolle no Regulamento da administración electrónica da Deputación, no suposto de que algún dos documentos electrónicos que vaia presentar o concello superase os límites de tamaño establecidos para a sede electrónica, permitírase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para iso, e xunto co documento que se presenta, o concello interesado deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número de rexistro.

Décimo segunda. Compatibilidade

As subvencións que se concedan no marco destas bases admiten a compatibilidade con outras axudas públicas ou aportacións de particulares para a mesma finalidade outorgada por esta Deputación ou por outras administracións públicas, sempre que o importe destas sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non se supere o custe da actividade subvencionada.

Para estes efectos, e en conformidade co disposto no artigo 14.1.d da LXS e no artigo 33 do RLXS, unha das obrigas do beneficiario é a de comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.

Todas as alteracións das condicións que se tiveron en conta para a concesión e, en todo caso, a concesión concorrente de axudas por calquera entidade pública ou privada, nacional ou internacional, deberán comunicárselles formalmente á Deputación e poderán dar lugar á modificación da subvención outorgada.

Décimo terceira. Ordenación, instrución, procedemento e resolución

A instrución do procedemento de concesión de subvencións, que é o de concorrencia non competitiva, correspóndelle ao Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Igualmente, o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes e/ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

Unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ou acordo procedente será de 6 meses contados desde o día seguinte ao da finalización do prazo de presentación de solicitudes.



Martes, 18 de decembro de 2018

Núm. 242

Rexerá o recollido na base 13ª do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018-2019 no relativo ao prazo de resolución das solicitudes con destino ao financiamento de investimentos.

Unha vez notificadas as resolucións e/ou acordos de concesión entenderanse aceptadas polos concellos salvo que estes expresamente as rexeiten.

Décimo cuarta. Modificacións das resolucións de concesión das subvencións

Unha vez recaída a resolución de concesión, antes de que conclúa o prazo para a realización das actividades ou dos gastos obxecto de subvención e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiros, poderase solicitar o cambio ou a modificación do seu contido pola desistencia total ou parcial da actuación ou, de concorreren circunstancias excepcionais, xustificando por escrito as causas que as fundamentan e axeitándose ao establecido nestas bases.

Entre as circunstancias excepcionais que poderían xustificar a modificación da concesión da subvención estarían as seguintes:

- Recibir axudas ou subvencións doutros organismos públicos ou privados que cubran o importe total ou parcial do gasto subvencionado ou a denegación das axudas ou subvencións solicitadas que dea lugar á imposibilidade de afrontar o gasto ou a realización da actuación.
- Ter prioridade o financiamento doutra actuación ou gasto urxente e non contar con crédito suficiente para levalo a cabo.
- Algún impedimento que non permita a súa realización, sempre que se deba a circunstancias non previsibles no momento da solicitude da subvención.
- En caso das subvencións outorgadas no marco da liña 3 tamén se admitirá a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2019. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse o importe sobrante á liña 1.

CAPÍTULO III. CUMPRIMENTO E XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS POLOS BENEFICIARIOS

Décimo quinta. Obrigas dos beneficiarios

Os concellos beneficiarios en conformidade co disposto nestas bases estarán obrigados a cumprir co que establece o artigo 11 da LXS e, en particular:

- A destinar o importe das subvencións outorgadas ao cumprimento total das finalidades que fundamentan a concesión das subvencións.



Martes, 18 de decembro de 2018

Núm. 242

- A realizar as actuacións que fundamentan a concesión das subvencións nos prazos sinalados nestas bases.
- A someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra, achegando canta información lles sexa requirida no prazo que estableza a institución provincial.
- A aboarlles ás persoas contratadas os salarios que legal ou convencionalmente lles correspondan e asumir a diferenza entre a cantidade subvencionada e os custos salariais e de Seguridade Social totais, de aplicarse o convenio colectivo propio do concello.
- A comunicarlle á Deputación as modificacións que afecten á realización das actuacións obxecto da subvención, tanto na liña 2 como na liña 3, co obxecto de que se poida valorar se o seu carácter produce unha alteración substancial das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención.
- A comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público estatal ou internacional.
- A cumprir as obrigas de publicidade, que serán as seguintes:
 - Darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións subvencionadas.
 - Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade (carteis, folletos, programas, placas, cartas ou páxina web, entre outras) o apoio que lle dá a Deputación. Isto farase mediante a inclusión do seu logotipo nun lugar visible.
 - Na liña 3 de emprego e na liña 2 a publicidade débese facer poñendo anuncios na táboa de edictos ou na páxina web do concello ou na prensa local, nos que se indique o financiamento obtido da Deputación.
- No caso daqueles concellos que decidan dedicar a totalidade ou parte das cantidades asignadas ás liñas 2 e 3 ao financiamento de investimentos no exercicio 2019 deberán darlle a adecuada publicidade, conforme o recollido na base 15.^a do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019.
- Correspóndelle ao departamento de Comunicación Institucional dar as instrucións que se deben seguir no relativo á imaxe institucional. Para estes efectos, na páxina web www.depo.gal están os modelos normalizados dos carteis, adhesivos e outras formas de publicidade que deben poñerse nos investimentos, nos gastos correntes e no emprego.

Para dúbidas e/ou aclaracións poderase contactar co Servizo de Comunicación Institucional do organismo provincial a través do correo electrónico comunicacion@depo.es ou do teléfono 986 804 100.

O incumprimento destas obrigas será causa da perda ao dereito ao cobro ou de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



Martes, 18 de decembro de 2018

Núm. 242

Décimo sexta. Xustificación da subvención

Todas as finalidades subvencionadas deben xustificarse totalmente antes das datas sinaladas segundo a natureza das distintas liñas de subvención, conforme se dispón nestas bases.

A xustificación da subvención realizarase coa achega de xustificantes de gasto, certificacións, facturas e a demais documentación xustificativa, segundo o previsto nesta base.

O pagamento das subvencións efectuarase previa comprobación por parte dos servizos de Cooperación e Intervención e dos servizos técnicos provinciais, en caso de proceder, de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado e, ademais, de que se cumpriu coa finalidade e o obxecto da subvención, emitindo como resultado un informe con carácter previo á proposta de aprobación da xustificación. Así mesmo, poderánselles solicitar informes a outros servizos da Deputación competentes en razón da materia.

As facturas deberán cumprir as esixencias establecidas na normativa vixente en cada momento, e de modo particular o disposto no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as obrigas de facturación.

A documentación xustificativa que se debe achegar é a detallada a continuación:

Liña 2. Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes

Para a xustificación das axudas concedidas con cargo a esta liña achegarase con carácter xeral un certificado expedido polo funcionariado público competente, no que se faga constar:

- Que non se recibiron outras subvencións de administracións públicas para a finalidade subvencionada ou, no caso de recibilas, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da actividade subvencionada.
- Que se cumpriu a finalidade para a que se concedeu a subvención.
- Que os xustificantes correspondentes están a disposición da Deputación para o seu exame se o estimase oportuno.
- Que se lle deu difusión á subvención obtida facendo constar a colaboración da Deputación, indicando os medios nos que se lle deu publicidade, achegando no seu caso acreditación gráfica. A este respecto a Deputación poderá comprobar, en calquera momento, se se fixo a publicidade da subvención concedida nos termos previstos nestas bases e, de non ser así, non se procederá ao seu libramento.

Igualmente, en función da modalidade concreta dentro desta liña de subvención para a que solicitou a axuda, achegarase tamén:



Martes, 18 de decembro de 2018

Núm. 242

Amortización de débeda con entidades financeiras

Para aqueles concellos que soliciten unha subvención para a amortización de débedas con entidades financeiras, cuxos datos figuran na documentación achegada segundo o modelo que se anexa as estas bases, a Deputación transferiralle ao concello a cantidade solicitada para esta finalidade unha vez aprobada a concesión da subvención.

O concello deberá, no prazo dun mes desde o cobramento da subvención e, en todo caso, ata o 30 de novembro de 2019, xustificar o pagamento da débeda mediante:

- Certificación do funcionariado competente que acredite o recoñecemento da obriga e o pagamento ou amortización da débeda e data de pagamento.

En caso de que o concello non xustifique a amortización da débeda coa entidade financeira, se xustifique un importe inferior á cantidade transferida pola Deputación ou de non presentar a documentación xustificativa no prazo sinalado, iniciarase o procedemento de reintegro da cantidade que corresponda.

Pagamento de acredores de gasto corrente e de acredores de investimentos

Para os concellos que soliciten unha subvención para o pagamento de débedas con provedores ou acredores pola prestación de servizos ou realización de investimentos, cuxos datos figuren na documentación achegada segundo o modelo que se anexa a estas bases, a Deputación transferiralle ao concello a cantidade solicitada para esta finalidade unha vez aprobada a concesión da subvención.

O Concello deberá, no prazo dun mes desde o cobramento da subvención e, en todo caso, ata o 30 de novembro de 2019, xustificar o pago da débeda mediante:

- Certificación do funcionariado público competente que acredite o pagamento realizado aos acredores ou provedores na que se acredite, tamén, a data de pagamento.

En caso de que o Concello non xustifique o pagamento das débedas, xustifique un importe menor á cantidade transferida pola Deputación ou de non presentar a documentación xustificativa no prazo sinalado, iniciarase o procedemento de reintegro da cantidade que corresponda.

Gasto corrente novo

En caso do gasto corrente novo só procederá pagar a subvención despois de presentar a xustificación, que deberá achegarse ata o 31 de marzo de 2020, tal e como se establece deseguido:

- Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo (identificando o acredor e o documento, o importe, a data de emisión e, se é posible, a data na que se pagou).
- Facturas polo importe da subvención concedida.
- Acordo de aprobación das facturas polo órgano competente do concello.



Martes, 18 de decembro de 2018

Núm. 242

A xustificación deberá axustarse aos conceptos que se inclúen na memoria que serviu de referencia para a concesión da subvención, sendo admisible unha desviación máxima do 20 % no custe dos diferentes conceptos da actividade subvencionada. No caso de que xustifique un custe total menor ou de non axustarse a xustificación ós conceptos incluídos na correspondente memoria, a subvención minorarase proporcionalmente.

A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar a perda ao cobro da subvención correspondente.

Realización de actuacións de carácter cultural, social, deportivo, turístico ou medioambiental

No caso da realización de actuacións de carácter cultural, social, deportivo, turístico, etc., só procederá pagar a subvención despois de presentar a xustificación, que deberá achegarse ata o 31 de marzo de 2020, tal e como se establece deseguido:

- Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo (identificando o acredor e o documento, o importe, a data de emisión e, se é posible, a data na que se pagou).
- Facturas polo importe da subvención concedida.
- Acordo de aprobación das facturas polo órgano competente do concello.

A xustificación deberá axustarse aos conceptos que se inclúen na memoria que serviu de referencia para a concesión da subvención, e será admisible unha desviación máxima do 20 % no custe dos diferentes conceptos da actividade subvencionada. En caso de que xustifique un custe total menor ou de non axustarse a xustificación aos conceptos incluídos na correspondente memoria, a subvención minorarase proporcionalmente.

A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar á perda ao cobro da subvención correspondente.

Liña 3. Conservación e funcionamento de bens e servizos municipais

O pagamento da subvención farase efectivo da seguinte forma:

- O 50 % ao inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou empregado público competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio dos seus contratos, a categoría profesional e a duración dos seus contratos.
- O 50 % restante ao finalizar a metade do prazo de duración do contrato, previa achega do documento acreditativo expedido polo órgano ou empregado público competente sobre a continuidade da actividade, no que se fagan constar o número de contratos, a



Martes, 18 de decembro de 2018

Núm. 242

súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin do contrato.

Co fin de efectuar un seguimento adecuado da execución dos proxectos subvencionados, a entidade beneficiaria, ademais do anterior, deberá presentar na sede electrónica a seguinte documentación xustificativa no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da finalización da actividade realizada:

- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas traballadoras e traballadores contratados.
- Certificación de fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
- Certificación expedida polo funcionariado público competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberán concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1), en concepto de incapacidade temporal das traballadoras e traballadores contratados con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo Concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.

CAPÍTULO IV. REINTEGRO

Décimo sétima. Reintegro

Procederáse ao reintegro das subvencións outorgadas en conformidade con estas bases nos termos fixados na normativa de subvencións e, de modo particular, nos artigos 36-42 da LXS.

Calquera obriga recoñecida pola deputación a favor do concello poderá ser obxecto de compensación dos importes a reintegrar.

O incumprimento do disposto nalgunha destas bases poderá dar lugar ao inicio de oficio dun expediente sancionador, segundo se indica nesta base e de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

CAPÍTULO V. RECURSOS

Décimo oitava. Recursos

Contra o acordo da aprobación destas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112 e seguintes e 124 e seguintes da



Martes, 18 de decembro de 2018

Núm. 242

LPACAP), ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo perante o correspondente xulgado de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, todo isto no prazo establecido no artigo 46 da citada lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

Anexos da convocatoria e modelos de presentación da documentación

Todos os anexos referidos nestas bases e os modelos normalizados para as solicitudes destas subvencións facilitaranse a través da páxina www.depo.gal.”

